



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2014/15 |
| Asignatura (*) | Antropoloxía da educación | Código | 652G03029 | |
| Titulación | Grao en Educación Social | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Humanidades | | | |
| Coordinación | Sucasas Peón, Juan Alberto | Correo electrónico | alberto.sucasas@udc.es | |
| Profesorado | Sucasas Peón, Juan Alberto | Correo electrónico | alberto.sucasas@udc.es | |
| Web | www.udc.es (página web de la Fac. de Ciencias de la Educación) | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia Antropoloxía da educación tenta asentarse no alumno unha reflexión sobre a significación humana do proceso educativo; é dicir, fundamentar os procesos formativos desde unha perspectiva antropolóxica, tanto no sentido da antropoloxía filosófica coma no da antropoloxía cultural.</p> <p>Establece unha conexión entre a índole cultural do ser humano (o home non é mera natureza, senón animal cultural) e a necesidade conseguinte da educación como ingrediente esencial da cultura. Presta, por outra banda, particular atención ó carácter multicultural do mundo contemporáneo, con decisivas consecuencias no eido educativo, e á necesidade de dotar ó proceso educativo dun espírito crítico que cuestione os estereotipos responsables das diferentes formas de marxinação e exclusión sociais.</p> | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|----------------------------|
| Código | Competencias da titulación |

| Resultados da aprendizaxe | | |
|---|----------------------------|--|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | |
| A2 Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións. | | |
| A5 Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa. | | |
| A6 Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos. | | |
| A8 Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa. | | |
| A11 Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa. | | |
| B1 Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información. | | |
| B4 Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas. | | |
| B5 Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión. | | |
| B6 Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias. | | |
| C1 Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | | |
| C3 Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | | |
| C4 Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | |
| C6 Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. | | |
| C8 Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | |



| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Antropoloxía filosófica, antropoloxía cultural e feito educativo | 1.1. Antropoloxía filosófica e antropoloxía cultural: caracteres universais e formas particulares do humano 1.2. Introducción á antropoloxía filosófica 1.3. Introducción á antropoloxía cultural |
| 2. O animal cultural | 2.1. Concepto de cultura 2.2. O fundamento antropolóxico da cultura 2.3. Principais sectores da cultura |
| 3. Cultura e educación | 3.1. A educación como problema cultural: a transmisión do aprendido 3.2. Educación como socialización |
| 4. Multiculturalismo e educación | 4.1. A problemática multicultural: concepto e implicacións 4.2. Consecuencias educativas da multiculturalidade |
| 5. Estereotipos, marxinação e exclusión en perspectiva educativa | 5.1. Etnocentrismo e exclusión social 5.2. Unha situación histórica: o estereotipo antisemita na Alemaña moderna 5.3. Papel da educación na loita contra dos esteretipos e as súas consecuencias marginalizadoras |

| Planificación | | | |
|------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Proba mixta | 2 | 33 | 35 |
| Seminario | 21 | 36 | 57 |
| Lecturas | 1 | 20 | 21 |
| Sesión maxistral | 21 | 10 | 31 |
| Atención personalizada | 6 | 0 | 6 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba mixta | Realizárase segundo a data e hora previstas no calendario oficial de exames. Constará do comentario dun fragmento extraído dos textos obxecto de lectura nas sesións de seminario e dunha cuestión teórica sobre os contidos abordados na aula, tanto nas sesións maxistras como nos seminarios. |
| Seminario | O traballo de seminario constitúe, xunto coas sesións maxistras, o elemento central do traballo da aula na materia. Aborda o estudo dos núcleos temáticos dos contidos mediante a análise, posta en común, discusión e interpretación de textos (artigos ou capítulos de libros) propostos ó alumno. O traballo de seminario supón unha dobre tarefa, a realizar fóra da aula, por conta do alumno. Por unha banda, a lectura previa dos textos. Por outra, o comentario de fragmentos extraídos dos mesmos e posterior, en consecuencia, ás sesións de seminario. Propóranse ó alumno 5 fragmentos, un por cada un dos bloques de contidos, dos que el seleccionará 3 entregando os comentarios correspondentes. |
| Lecturas | Propóranse varios libros de lectura dos que o alumno seleccionará un. Na aula ofreceranse unhas orientacións xerais, pero a lectura do libro será tarefa do alumno fóra da aula. Deberá assimilar o contido do texto, poñéndoo en relación co conxunto da materia, e elaborar un xuízo crítico sobre o mesmo. Na proba mixta incluírase un apartado referido ó libro de lectura, que permitirá calificar este aspecto do traballo do alumno. |
| Sesión maxistral | Recurrirá á exposición oral do profesor, co obxectivo de introducir nos núcleos conceptuais principais das unidades temáticas abordadas e establecer as pautas esenciais para a lectura dos textos que serán obxecto de análise e discusión nas sesións de seminario. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|------------------|---|
| Lecturas | As dúbidas puntuais que os alumnos prantexen poderán ser resoltas no interior da aula. Aqueles casos que requiran máis tempo de atención persoal serán atendidos nas titorías, dacordo có horario que figurará no taboleiro do despacho do profesor. Tamén se atenderán consultas dirixidas a través do correo electrónico. |
| Sesión maxistral | |
| Seminario | |
| Proba mixta | |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|------------------|---|---------------|
| Lecturas | A cualificación do libro de lectura farase mediante a resposta do alumno a unha cuestión que lle sexa prantexada sobre o mesmo, acompañada dun breve fragmento. A cualificación máxima será de 2 ptos. Valorarase o nivel de comprensión e síntese do libro leído, a conexión que se estableza entre o seu contido e o conxunto da asignatura, a claridade expresiva e conceptual, e a argumentación da valoración persoal. | 20 |
| Sesión maxistral | A cualificación da actividade académica desenvolvida nas sesións maxistras está incorporada na da proba mixta, pois nesta o alumno terá que demostrar a súa asimilación dos contidos abordados tanto nas sesións maxistras coma nos seminarios. | 0 |
| Seminario | A cualificación do traballo de seminario, que inclúe a lectura previa polo alumno dos textos e a elaboración polo alumno de 3 comentarios (sobre 5 fragmentos que lle serán propostos e que estarán extraídos dos textos traballados nos seminarios), farase do seguinte xeito: tres cuartas partes corresponderán á cualificación dos comentarios, cuxa puntuación total de 3 ptos. (1 pto. de cualificación máxima por cada comentario) e a cuarta parte restante valorará a asistencia e participación do alumno nas sesións de seminario, correspondéndolle unha cualificación máxima de 1 pto. | 40 |
| Proba mixta | A proba mixta constará dun fragmento a comentar (extraído dos textos obxecto de análise nas sesións de seminario), cuxa cualificación máxima será de 2 ptos., e dunha cuestión teórica a desenvolver (referida ós contidos abordados tanto nas sesións maxistras como nas de seminario), cuxa cualificación máxima será tamén de 2 ptos. | 40 |

Observacións avaliación

Esquema do reparto da cualificación do alumno (sobre unha cualificación máxima de 10 ptos.): a) PROBA MIXTA: 4 ptos. de cualificación máxima, dos cales 2 corresponderán ó comentario e outros 2 á resposta á cuestión teórica; b) SEMINARIO: 4 ptos. de cualificación máxima, dos cales 3 corresponderán os 3 comentarios entregados (1 ptos. por comentario) e 1 pto. que valorará a asistencia e participación nas actividades da aula; c) LECTURA.- 2 ptos. de cualificación máxima; calificarase por medio da resposta que o alumno dé a cuestión que, a partires dun fragmento da obra elexida, se lle propoña; o alumno responderá xunto coa proba mixta, pero haberá dúas cualificacións distintas (a da proba mixta -4 ptos.- e a do libro de lectura -2 ptos.).

Na segunda oportunidade (Xullo) mantense os criterios anteriores, coa salvedade de que o punto reservado á asistencia e participación na aula distribuirase entre as outras tres cualificacións parciais, dacordo coa súa aportación proporcional á cualificación global.

Fontes de información

| Bibliografía básica | Fontes de información |
|---------------------|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> - VV.AA. (1998). Antropología de la educación. Madrid, Dykinson - H. Bouché Peris (2002). Antropología de la educación. Madrid, Síntesis - O. Fullat (1997). Antropología filosófica de la educación. Barcelona, Ariel - A. Caride (1995). Cuestiones de antropología de la educación. Barcelona, CEAC - P. M^a Pérez Alonoso-Geta (2007). El brillante aprendiz: antropología de la educación. Barcelona, Ariel - Ch. Wulf (2004). Introducción a la antropología de la educación. Barcelona, Idea Books - VV.AA. (2003). Lecturas de antropología para educadores. Madrid, Trotta |



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- G. Pico della Mirandola (2002). Discurso sobre la dignidad del hombre. Barcelona, PPU- M. Mead (1972). Educación y cultura. Buenos Aires, Paidós- C. Paris (2000). El animal cultural: biología y cultura en la realidad humana. Barcelona, Crítica- Ch. Taylor (2003). El multiculturalismo y la política del reconocimiento. Madrid, F.C.E.- M. Scheler (1978). El puesto del hombre en el cosmos. Buenos Aires, Losada- P. Berger y Th. Luckmann (1991). La construcción social de la realidad. Buenos Aires, Amorrortu- D. Goldhagen (1997). Los verdugos voluntarios de Hitler. Madrid, Taurus |
|------------------------------------|---|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías